

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DOUS DE OUTUBRO DE 2017.**  
**EXPTE. 5460/2017.**

**ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA.  
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ  
D<sup>a</sup>. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA  
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

**SECRETARIO ACCIDENTAL:**

D. JOSÉ VIVERO RUSSO

**INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:**

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 02 de outubro de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a do Secretario Accidental, José Vivero Russo, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL e D<sup>a</sup>. MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LÓPEZ.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN LEVADA A CABO O DÍA 25-09-17.**

Non existindo ningunha obxección ó respecto, procédese á aprobación da acta da sesión do día 25 de setembro de 2017.

**2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

## **DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.**

### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.**

Por parte da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, que se corresponden cos Expedientes: EXPTE. 5348/2017 e EXPTE. 5349/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

### **3.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.**

#### **EXPTE. 5042/2017.- DEVOLUCIÓN DE AVAL.**

Vista a solicitude de D. Samuel Regal Pino, con domicilio a efectos de notificación na rúa Misericordia, n.º 31, en Viveiro, presentada en data 1 de setembro de 2017 (nº de rexistro 5486), de devolución da fianza depositada no seu día por importe de 1.000 euros, en relación coa licenza de obra para facer reformas na vivenda unifamiliar sita na estrada a Vieiro, n.º 9 (Misericordia), Expte. URB/152/2012.

Visto o informe emitido en data 5 de setembro de 2017 polo vixiante urbanístico, no que se sinala que persoado no lugar comproba que o espazo público quedou en perfectas condicións, podendo devolver a fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D. Samuel Regal Pino por importe de 1.000 euros, referente ó Expte. URB/152/2012.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

### **4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

#### **EXPTE. 4788/2017.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE.**

## Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

Visto o expediente para a contratación do contrato de obras denominado “*Pavimentación e servizos na rúa Lodeiro*”, con referencia CT 18/2017 (expediente gestiona 4788/2017).

Visto que a referida actuación estará parcialmente financiada pola Deputación provincial de Lugo, ao abeiro do Plan provincial único de cooperación cos Concellos 2017, cunha aportación de 162.000 €.

Visto o informe favorable da Secretaría Accidental, coa conformidade de Intervención, asinado en data 29 de setembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar o proxecto denominado “*Proyecto de pavimentación e servizos na rúa Lodeiro*”, redactado polo arquitecto de obras municipal en abril de 2017, e cun orzamento de execución por contrata de 173.000,00 €.

Segundo. Aprobar o expediente de contratación da referida obra, cun orzamento total de 173.000,00 €, así como a aprobación do gasto, que queda desglosado do seguinte xeito:

Valor estimado do contrato	142.975,21 €
21 % IVE	30.024,79 €
Orzamento máximo de contratación	173.000,00 €

Terceiro. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares polo sistema de procedemento negociado sen publicidade.

Cuarto. Declarar a tramitación urxente do procedemento.

Quinto. Nomear como director da obra ao arquitecto municipal de obras D. *Santiago Meitín Míguez*, e no suposto da súa ausencia, nomear para a súa substitución á arquitecta técnica, D<sup>a</sup>. *Irene Fernández Cora*, e, en substitución desta, á arquitecta técnica-enxeñeira de edificación, D<sup>a</sup>. *Ana Coya Guerrero*.

Sexto. Solicitar a presentación de ofertas ás seguintes empresas, outorgándolles un prazo de “*tres días*” naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares:

Denominación empresa	Enderezo
Cholo, S.L. B-27.028.810	Os Freires - Mourence, 1 27800 - Vilalba (Lugo)
Carferlo, S.L. B-27.227.388	Pol. Ind. De Camba / parcela 56-57 27850 - Xove (Lugo)
Excavaciones Isidoro, S.L. B-27.159.649	Rúa Vilar, 10 27880 - Burela (Lugo)

Sétimo. Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión e comunicación do presente acordo ao Departamento de Intervención.

## **EXPTE. 4787/2017.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE.**

Visto o expediente para a contratación do contrato de obras denominado "*Pavimentación e servizos na rúa Rego da Fonte en Celeiro-Viveiro (Lugo)*", con referencia CT 17/2017 (expediente gestiona 4787/2017).

Visto que a referida actuación estará parcialmente financiada pola Deputación provincial de Lugo, ao abeiro do Plan provincial único de cooperación cos Concellos 2017, cunha aportación de 180.000 €.

Visto o informe favorable da Secretaría Accidental, coa conformidade de Intervención, asinado en data 29 de setembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar o proxecto denominado "*Proxecto de pavimentación e servizos na rúa Rego da Fonte en Celeiro-Viveiro (Lugo)*", redactado polo arquitecto de obras municipal en abril de 2017, e cun orzamento de execución por contrata de 190.000,00 €.

Segundo. Aprobar o expediente de contratación da referida obra, cun orzamento total de 190.000,00 €, así como a aprobación do gasto, que queda desglosado do seguinte xeito:

Valor estimado do contrato	157.024,79 €
21 % IVE	32.975,21€
Orzamento máximo de contratación	190.000,00 €

Terceiro. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares polo sistema de procedemento negociado sen publicidade.

Cuarto. Declarar a tramitación urxente do procedemento.

Quinto. Nomear como director da obra ao arquitecto municipal de obras D. *Santiago Meitín Míguez*, e no suposto da súa ausencia, nomear para a súa substitución á arquitecta técnica, D<sup>a</sup>. *Irene Fernández Cora*, e, en substitución desta, á arquitecta técnica-enxeñeira de edificación, D<sup>a</sup>. *Ana Coya Guerrero*.

Sexto. Solicitar a presentación de ofertas ás seguintes empresas, outorgándolles un prazo de "*tres días*" naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares:

Denominación empresa	Enderezo
Excavaciones Ramsei, S.L. B-27.146.299	Rúa Alvaro Cunqueiro, 38 Local 1 27780 - Foz (Lugo)
Excavaciones Isidoro, S.L. B-27.159.649	Rúa Vilar, 10 27880 - Burela (Lugo)
Carferlo, S.L. B-27.227.388	Pol. Ind. De Camba / parcela 56-57 27850 - Xove (Lugo)

Sétimo. Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión e comunicación do presente acordo ao Departamento de Intervención.

## **5 .- CONCESIÓNS DE SUBVENCÍONS.**

### **A. EXPTE. 5006/2017.- CONVENIO CO “CLUB BALONMÁN VIVEIRO”.**

Vista a proposta do Concelleiro de deportes para a aprobación do Convenio co Club Balonmán Viveiro, ano 2017, adxuntando modelo de convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Viveiro e o Club Balonmán Viveiro, ano 2017.

Visto o informe de Intervención, de carácter favorable, no que se recolle que se trata dun convenio de colaboración polo que se concede unha subvención nominativa para a realización das actividades descritas no corpo do Convenio co Club Balonmán Viveiro, sinalando que a aplicación orzamentaria para a cantidade proposta de 7.000,00 euros é a 3400-48910, manifestando a existencia de dita consignación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención nominativa ao Club Balonmán Viveiro, prevista nominativamente no orzamento para o exercicio 2017, por importe de 7.000,00 euros, nos termos recollidos no modelo de convenio que acompaña á proposta do Concelleiro de Deportes.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados ós efectos de proceder á sinatura do referido convenio.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Tesourería e Intervención para o seu coñecemento e efectos.

### **B. EXPTE. 5006/2017.- CONVENIO CO “VIVEIRO C.F.”.**

Vista a proposta do Concelleiro de deportes para a aprobación do Convenio co Viveiro C.F., ano 2017, adxuntando modelo de convenio de colaboración a

asinar entre o Concello de Viveiro e o Viveiro C.F., ano 2017.

Visto o informe de Intervención, de carácter favorable, no que se recolle que se trata dun convenio de colaboración polo que se concede unha subvención nominativa para a realización das actividades descritas no corpo do Convenio co Viveiro C.F., sinalando que a aplicación orzamentaria para a cantidade proposta de 20.000,00 euros é a 3400-48910, manifestando a existencia de dita consignación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención nominativa ao Viveiro C.F., prevista nominativamente no orzamento para o exercicio 2017, por importe de 20.000,00 euros, nos termos recollidos no modelo de convenio que acompaña á proposta do Concelleiro de Deportes.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados ós efectos de proceder á sinatura do referido convenio.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Tesourería e Intervención para o seu coñecemento e efectos.

### **C. EXPTE. 5006/2017.- CONVENIO CO “VIVEIRO S.D.”.**

Vista a proposta do Concelleiro de deportes para a aprobación do Convenio co Viveiro S.D., ano 2017, adxuntando modelo de convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Viveiro e o Viveiro S.D., ano 2017.

Visto o informe de Intervención, de carácter favorable, no que se recolle que se trata dun convenio de colaboración polo que se concede unha subvención nominativa para a realización das actividades descritas no corpo do Convenio co Viveiro S.D., sinalando que a aplicación orzamentaria para a cantidade proposta de 20.000,00 euros é a 3400-48910, manifestando a existencia de dita consignación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención nominativa ao Viveiro S.D., prevista nominativamente no orzamento para o exercicio 2017, por importe de 20.000,00 euros, nos termos recollidos no modelo de convenio que acompaña á proposta do Concelleiro de Deportes.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados ós efectos de proceder á sinatura do referido convenio.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Tesourería e Intervención para o seu coñecemento e efectos.

### **D. EXPTE. 5006/2017.- CONVENIO CO “CLUB BALONCESTO VIVEIRO”.**

Vista a proposta do Concelleiro de deportes para a aprobación do Convenio co Club Baloncesto Viveiro, ano 2017, adxuntando modelo de convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Viveiro e o Club Baloncesto Viveiro, ano 2017.

Visto o informe de Intervención, de carácter favorable, no que se recolle que se trata dun convenio de colaboración polo que se concede unha subvención nominativa para a realización das actividades descritas no corpo do Convenio co Club Baloncesto Viveiro, sinalando que a aplicación orzamentaria para a cantidade proposta de 6.000,00 euros é a 3400-48910, manifestando a existencia de dita consignación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención nominativa ao Club Baloncesto Viveiro, prevista nominativamente no orzamento para o exercicio 2017, por importe de 6.000,00 euros, nos termos recollidos no modelo de convenio que acompaña á proposta do Concelleiro de Deportes.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados ós efectos de proceder á sinatura do referido convenio.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Tesourería e Intervención para o seu coñecemento e efectos.

### **E. EXPTE. 5006/2017.- CONVENIO CO “ACD PENALBA-CLUB DE REMO CELEIRO”.**

Vista a proposta do Concelleiro de deportes para a aprobación do Convenio co ACD Penalba - Club de Remo Celeiro, ano 2017, adxuntando modelo de convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Viveiro e o ACD Penalba - Club de Remo Celeiro, ano 2017.

Visto o informe de Intervención, de carácter favorable, no que se recolle que se trata dun convenio de colaboración polo que se concede unha subvención nominativa para a realización das actividades descritas no corpo do Convenio co ACD Penalba - Club de Remo Celeiro, sinalando que a aplicación orzamentaria para a cantidade proposta de 1.500,00 euros é a 3400-48910, manifestando a existencia de dita consignación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención nominativa ao ACD Penalba - Club de Remo Celeiro, prevista nominativamente no orzamento para o exercicio 2017, por importe de 1.500,00 euros, nos termos recollidos no modelo de convenio que acompaña á proposta do Concelleiro de Deportes.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados ós efectos de proceder á sinatura do referido convenio.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Tesourería e Intervención para o seu coñecemento e efectos.

### **F. EXPTE. 5006/2017.- CONVENIO CO “AD SAN ROQUE”.**

Vista a proposta do Concelleiro de deportes para a aprobación do Convenio co AD San Roque, ano 2017, adxuntando modelo de convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Viveiro e o AD San Roque ano 2017.

Visto o informe de Intervención, de carácter favorable, no que se recolle que se trata dun convenio de colaboración polo que se concede unha subvención nominativa para a realización das actividades descritas no corpo do Convenio co AD San Roque, sinalando que a aplicación orzamentaria para a cantidade proposta de 1.500,00 euros é a 3400-48910, manifestando a existencia de dita consignación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención nominativa ao AD San Roque, prevista nominativamente no orzamento para o exercicio 2017, por importe de 1.500,00 euros, nos termos recollidos no modelo de convenio que acompaña á proposta do Concelleiro de Deportes.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados ós efectos de proceder á sinatura do referido convenio.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Tesourería e Intervención para o seu coñecemento e efectos.

### **G. EXPTE. 5006/2017.- CONVENIO CO “CLUB DE GIMNASIA RÍTMICA (XIMNASIA VIVEIRO)”.**

Vista a proposta do Concelleiro de deportes para a aprobación do Convenio co Club de Gimnasia Rítmica (Ximnasia Viveiro), ano 2017, adxuntando modelo de convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Viveiro e o Club de Gimnasia Rítmica (Ximnasia Vieiro), ano 2017.

Visto o informe de Intervención, de carácter favorable, no que se recolle que se



trata dun convenio de colaboración polo que se concede unha subvención nominativa para a realización das actividades descritas no corpo do Convenio co Club de Gimnasia Rítmica (Ximnasia Viveiro), sinalando que a aplicación orzamentaria para a cantidade proposta de 1.000,00 euros é a 3400-48910, manifestando a existencia de dita consignación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención nominativa ao Club de Gimnasia Rítmica (Ximnasia Viveiro), prevista nominativamente no orzamento para o exercicio 2017, por importe de 1.000,00 euros, nos termos recollidos no modelo de convenio que acompaña á proposta do Concelleiro de Deportes.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados ós efectos de proceder á sinatura do referido convenio.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Tesourería e Intervención para o seu coñecemento e efectos.

### **6.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.**

#### **EXPTE. 5510/2017.-**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas referente ao expediente 5510/2017.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do Concelleiro de Facenda referente ao expediente 5510/2017.

Segundo. Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

#### **EXPTE. 5270/2017.-**

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expediente 5270/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 18 de setembro de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Autos Morán SL**, por un importe total de **660 €**, que constan no expediente **5270/2017**. No devandito informe sinalase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de **660,00 €**.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 25 de setembro de 2017 proceduse ao levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

*"1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **660 €**.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso."*

*Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acreedor.*

*Tendo en conta que por parte desta Alcaldía xa se deron as indicacións oportunas para proceder á realización do expediente de contratación correspondente para continuar prestando este servizo.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.*

*Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN: 1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I e II."*

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015 acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 5270/2017.

Segundo. Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE. 5266/2017.-**

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expediente 5266/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 18 de setembro de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Origen Viveiro SL**,

por un importe total de **14.910,93 €**, que constan no expediente **5266/2017**. No devandito informe sinalase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de **14.910,93 €**.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 29 de setembro de 2017 proceduse ao levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

*"1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **14,910,93 €**.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso."*

*Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acreedor.*

*Tendo en conta que neste momento xa se está a tramitar, no Departamento de Contratación, o expediente para licitar o servizo de limpeza de diversos edificios municipais do Concello de Viveiro, atopándose redactado a día de hoxe un borrador do prego de cláusulas administrativas particulares, que precisa de varias modificacións.*

*Resultando que o Concello non pode prescindir do servizo de limpeza, que debe continuar realizándose mentres non se remate o expediente de contratación iniciado.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta que xa se atopa en tramitación o expediente de contratación para o servizo de limpeza.*

*III. Tendo en conta que este servizo resulta indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se remate o oportuno expediente de contratación, é preciso continuar coa súa prestación.*

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.*

*Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV."*

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015 acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 5266/2017.

Segundo. Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o

seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

## **EXPTE. 5257/2017.-**

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expediente 5257/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 18 de setembro de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **MARÍA ENMA BERMÚDEZ COCIÑA, MARÍA OFELIA DÍAZ RODRÍGUEZ e OLGA PÉREZ LÓPEZ**, por un importe total de **3.552,39 €**, que constan no expediente **5257/2017**. No devandito informe sinalase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de **3.552,39,**

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 25 de setembro de 2017 proceduse ao levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

*"1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **3.552,39 €**.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso."*

*Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos, e dado o tempo transcorrido dende a iniciación do novo procedemento de contrato, iniciado o 23 de xaneiro de 2017, segundo informe do servizo de contratación, non estando a data actual aprobados os pregos de condicións, e aparentemente paralizado o expediente.*

*Tendo en conta que neste momento xa se está a tramitar, no Departamento de Contratación, o expediente para licitar o servizo de limpeza de diversos edificios municipais do Concello de Viveiro, atopándose redactado a día de hoxe un borrador do prego de cláusulas administrativas particulares, que precisa de varias modificacións.*

*Tendo en conta que a demora referida é debida á saturación de funcións do servizo de contratación e á carencia de medios persoais.*

*Resultando que o Concello non pode prescindir do servizo de limpeza, que debe continuar realizándose mentres non se remate o expediente de contratación iniciado.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta que xa se atopa en tramitación o expediente de contratación para o servizo de limpeza.*

*III. Tendo en conta que este servizo resulta indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se remate o oportuno expediente de contratación, é preciso continuar coa súa prestación.*

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a*

*favor do acreedor.*

*Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”*

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015 acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 5257/2017.

Segundo. Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE. 5265/2017.-**

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expediente 5265/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 18 de setembro de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Limpiezas Viveiro SLU**, por un importe total de **544,5 €**, que constan no expediente **5265/2017**. No devandito informe sinalase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de **544,5 €**.

